

A Concellería de Mocidade do Concello de Tomiño, en colaboración coa ESCOLA DE IMAXE E SON DE VIGO (EISV) co obxectivo de fomentar a creatividade e promover o relato xornalístico entre a mocidade, convoca o I CONCURSO DE REPORTAXE AUDIOVISUAL OMIX TOMIÑO acorde coas seguintes

BASES

Primera

Participantes

Poderán participar de forma individual ou en equipo (MÁXIMO TRES PERSOAS) mozos e mozas que teñan entre 14 e 18 anos.

Segunda

Temática, modalidades e formato

As obras deben ser orixinais e non premiadas en ningún outro concurso.

Co obxectivo de contribuir ao desenvolvemento dunha cultura que inclúa formas de pensar e actitudes non sexistas, propónse o tema EMBARAZOS NON DESEXADOS, RESPONSABILIDADE DE DOUS

Os traballos presentados consistirán en pezas audiovisuais (valen as cámaras de fotos que gravan vídeos, as cámaras de vídeo independentemente do tipo e inclusive os móbiles) que narren historias ou feitos en torno a este tema e que recollan opinións de mozos/Mozas, Homes/mulleres ao respecto. As reportaxes serán de estilo libre, utilizando os elementos propios do xénero, teñen que informar sobre o tema, aportando datos, indagando na opinión pública, detallando efectos...

En formato DVD e cunha duración entre 5 e 15 minutos.

Deberá acompañarse dunha carátula, en cuxo frontal indicarse o autor/es (modalidad libre) ou nome do equipo (en caso de grupo) e título da obra, e no reverso incluírase unha sinopse (5 líñas máximo en letra Arial 10).

Terceira

ENVÍO E PRAZOS

Envío oU presentación en:
OMIX TOMIÑO
Campo da Feira s/n
36740 TOMIÑO.

Horario: de luns a venres de 8 a 15h e de 16 a 20 h. (agás os venres que pola tarde está pechado)

Data límite de presentación: DÍA 7 de MAIO

Cuarta

Premios

Establécese un ÚNICO PREMIO que será a poder asistir o día 10 de maio á rodaxe dunha curtametraxe que será rodada integramente en Tomiño, e contará coa participación de UXÍA BLANCO (ACTRIZ DE "HOSPITAL CENTRAL", Catuxa García e un ACTOR DE RENOME CUXO NOME É SORPRESA)

O/s premiados/as será/n avisado/s o sábado 8 de maio de 2010. A entrega do mesmo será ése mesmo día ás 14 horas.

Quinta

Xurado

Estará integrado polo concelleiro de mocidade, a técnica de mocidade e o responsable do Espazo TIC.la

O xurado seleccionará os traballos presentados con estricto criterio de obxectividade, sobre a base da calidade, orixinalidade e innovación creativa das obras. A decisión do xurado será inapelable e a organización resérvase o dereito de interpretación de calquera incidencia que poidera xurdir.

Sexta

Difusión de las obras seleccionadas

Cos traballos seleccionados editarase un DVD para uso e proxección naqueles espazos nos que se estime a súa oportunidade.

Séptima

Propiedade

Os traballos premiados pasarán a ser propiedade do Concello de Tomiño que poderá utilízalos de forma libre.

O Concello garante o correcto tratamento dos datos de acordo coa Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Oitava

Publicidad

Difusión do concurso a través da web do concello, do taboleiro do IES de Tomiño, prensa e a través do facebook da OMIX.

Aceptación das bases

A participación no concurso implica a plena conformidade e aceptación das bases.